

PREESCOLAR NA CASA: DE PREPARACIÓN PARA A ESCOLA A EDUCACIÓN FAMILIAR NO MEDIO RURAL DE GALICIA (ESPAÑA)

«Preescolar na Casa»: from preparation for school to family education in rural Galicia (España)

Preescolar na casa: de preparación para la escuela a educación familiar en el medio rural de Galicia (España)

Lois Ferradás Branco* y José Pablo Franco López&

Data de recepción: 31/03/2017 • Data de aceptación: 30/08/2017

Resumo. Preescolar na Casa é a acción educativa organizada coas familias de nenos de cero a seis anos no medio rural de Galicia, con poboación dispersa, tomando como base a vida diaria e a contorna familiar e social. A organización desta acción foi promovida polas Cáritas de Galicia. Foi xestionada primeiro por Cáritas Diocesana de Lugo e desde 2001 pola Fundación Preescolar na Casa. Neste traballo preséntanse os seus fundamentos teóricos e descríbense e analízanse as súas actividades e logros ao longo dos 35 anos da súa existencia (1977-2012).

Palabras clave: Preescolar na Casa; Educación infantil; Educación familiar; Educación no medio rural.

Abstract. *Preescolar na Casa is the educational action organized among families of children from zero to six years in rural Galicia, in a disperse population. It is based on daily life and the family and social environment. The action, first organized and promoted by the Caritas of Galicia, was initially managed by Caritas Diocesana de Lugo and from 2001 on by the Fundación Preescolar na Casa. This paper presents its theoretical foundations and describes and analyzes its activities and achievements over the 35 years of its existence (1977-2012).*

* Departamento de Pedagogía e Didáctica. Facultade de Ciencias da Educación. Universidade de Santiago de Compostela. Rúa Profesor Fraiz Andón, s/n. Campus Vida. 15782 Santiago de Compostela. lois.ferradas@usc.es

& Departamento de Pedagogía e Didáctica. Facultade de Ciencias da Educación. Universidade de Santiago de Compostela. Rúa Profesor Fraiz Andón, s/n. Campus Vida. 15782 Santiago de Compostela. josepablo.franco@rai.usc.es

Keywords: Preescolar na Casa; Early Childhood education; Family education; Education in rural areas.

Resumen. Preescolar na Casa es la acción educativa organizada con las familias de niños de cero a seis años en el medio rural de Galicia, con población dispersa, tomando como base la vida diaria y el entorno familiar y social. La organización de esta acción ha sido promovida por las Caritas de Galicia. Fue gestionada primero por Caritas Diocesana de Lugo y desde 2001 por la Fundación Preescolar na Casa. En este trabajo se presentan sus fundamentos teóricos y se describen y analizan sus actividades y logros a lo largo de los 35 años de su existencia (1977-2012).

Palabras clave: Preescolar na Casa; Educación infantil; Educación familiar; Educación en medio rural.

SITUACIÓN SOCIO-EDUCATIVA DO MEDIO RURAL DE GALICIA NOS ANOS 70 DO SÉCULO XX

O programa Preescolar na Casa, promovido por Cáritas de Lugo e a Secretaría da Acción Rexional das Cáritas de Galicia, iníciase no ano 1977.¹ Para comprender a orixe e desenvolvemento desta acción educativa é necesario prestar atención a varios factores entre os que podemos destacar a recia personalidade do impulsor, o sacerdote Antonio Gandoy, a contribución de profesionais comprometidos coa renovación pedagóxica en Galicia e a realidade social do medio rural de Galicia, á que quere dar resposta. Que trazos podemos destacar desta situación? Ao analizar os primeiros documentos que se xeran na contorna de Preescolar na Casa atópase o diagnóstico que os seus promotores fan da situación social a cuxas carencias intentan dar resposta; sinalámolas a continuación:

a) Dispersión poboacional como dificultade para a provisión de servizos. É proverbial a dispersión da poboación de Galicia, repartida por todas as áreas do territorio nas que tradicionalmente é posible vivir de pequenas explotacións agrícolas e gandeiras. No nomenclátor da

¹ En xaneiro deste ano comezaron a realizarse en diversas poboacións rurais reunións con nais e/ou pais de nenos en idade preescolar, animadas por persoas voluntarias, como axuda orientadora da súa acción educativa no fogar e como preparación para a incorporación dos seus fillos á escola primaria. En setembro, coincidindo co inicio do curso escolar, constitúese o primeiro equipo profesional formado por dúas mestras e un mestre, funcionarios do Ministerio de Educación, adscritos en comisión de servizos a este programa.

época aparecen máis de 30.000 núcleos de poboación en Galicia, aproximadamente o mesmo número que no resto de España. Facía anos que se acelerara, por outra banda, o proceso de desprazamento da poboación do campo ás cidades en xeral, e particularmente do interior de Lugo e Ourense cara á franxa occidental, especialmente cara ás áreas de Vigo e A Coruña. Nestas circunstancias era case imposible reunir a vintena de nenos e nenas de 4 a 6 anos, mesmo de 4 a 8 anos, que era a cantidade que a administración educativa esixía para abrir ou reabrir escolas rurais.

b) Alto índice de atraso escolar. É de destacar a contundencia dos datos acerca do atraso escolar dos nenos galegos naquela época, reflectidos ata nos informes do Ministerio de Educación e Ciencia, onde se pode ler:

Pódese afirmar que, como termo medio, só un 18% escaso do alumando de sete a 13 anos ten o nivel escolar que corresponde a súa idade cronolóxica; ou o que é o mesmo, que o 82% dos nenos escolarizados na Ensinanza Primaria en Galicia presenta un grao de desaproveitamento que, nalgúns casos extremos, chega a supoñer un atraso de ata seis cursos respecto ao nivel que corresponde a idade escolar.²

c) Ausencia de educación preescolar no medio rural. No ano 1975 había en Galicia 173.106 nenos de 2 a 5 anos, dos que estaban escolarizados só 36.000, é dicir o 20,9%, mentres que en España recibía esta educación o 36%. A maioría das 997 aulas de preescolar existentes en Galicia están situadas nas cidades.

COORDENADAS TEÓRICAS DESDE AS QUE SE CONCIBE O PROGRAMA PREESCOLAR NA CASA

Este programa nace do activismo social e non en despachos de xestores do sistema educativo ou da universidade. Quizais por isto, as bases teóricas ou concepcións dos seus promotores parécense máis a un ideario ou conxunto de consignas para a intervención que a sofisticados estudos afastados das realidades cotiás. Estas son algunhas destas afir-

² Ministerio de Educación y Ciencia, *Planificación de la Educación. Galicia* (Madrid: Servicio de Publicaciones, 1971), 88.

macións formuladas con insistencia durante o proceso de posta en marcha do programa:

a) Os nenos non esperan. A importancia das aprendizaxes dos primeiros anos. Por aqueles anos dábanse a coñecer os resultados dos estudos de Bloom,³ que poñían de manifesto a importancia das experiencias dos primeiros anos na adquisición do vocabulario, na comprensión lectora, no aproveitamento escolar e en desenvolvemento da intelixencia xeral. Os promotores deste programa apóianse igualmente no contido do informe FOESSA, que acababa de publicarse e que neste mesmo sentido afirma:

A idade da Ensinanza Preescolar (dous a cinco anos) é decisiva en moitos aspectos para o desenvolvemento do neno e o seu ulterior rendemento humano e social. De aí a importancia de ter ou non Educación Preescolar e o tipo de Educación Escolar impartido. Esta etapa de formación non só condiciona a etapa seguinte senón que marca fortemente a personalidade do neno para o resto da súa vida.⁴

Insístese en que os nenos non agardan, porque «mañá xa será tarde»; se non se fai algo por cambiar as condicións educativas, todos seríamos responsables da «discriminación eficaz e marxinación definitiva á que desde agora se verán sometidos».⁵

b) Os pais son capaces de educar e son imprescindibles no proceso educativo. Concibíase aos pais como fonte de seguridade afectiva e primeiros mediadores entre o neno e o mundo, polo que son sempre imprescindibles no proceso educativo e máis cando a institución escolar non existe ou é inadecuada. Aínda recoñecendo que moitos pais teñen unha formación escolar escasa, confíase en axudalos cos métodos e material adecuados. E insisten os creadores: «dicir que os campesiños non

³ Benjamin S. Bloom, *Stability and Change in Human Characteristics* (New York: John Wiley & Sons, 1964) y *Human Characteristics and School Learning* (New York: McGraw-Hill, 1976).

⁴ Fundación FOESSA, *Estudios sociológicos sobre la situación social de España* (Madrid: Editorial Euramérica, 1975), 219.

⁵ Acción Rexional das Cáritas de Galicia, *Educación preescolar no medio rural* (Documento policopiado, 1977), 20.

están capacitados ou preparados para un labor educativo como o que propoñemos é facer un xuízo de valor apresurado e certamente clasista».⁶

c) O medio rural é rico en oportunidades para aprender interactuando nel. Afírmase que a propia contorna contén todos os elementos necesarios para a educación, como relacións humanas afectuosas, variedade de obxectos, linguaxe, narracións, cancións, O coñecemento no neno nin é innato nin é unha copia da realidade; non se transmite só oralmente, senón que se vai construíndo en gran medida desde dentro, actuando sobre as cousas, establecendo ou provocando relacións entre os obxectos e os acontecementos e recibindo as influencias das cousas e das persoas coas que se interactúa.⁷

d) A cultura e o saber son imprescindibles. Os promotores deste programa maniféstanse interesados en loitar contra a pobreza. Pensan que «a ignorancia e a incultura son terreo abonado para a marxinación, o atraso, a dependencia e a inxustiza». Pola contra, «a cultura é *conditio sine qua non* para realizarse como persoa, adaptándose aos cambios».⁸

OS OBXECTIVOS DO PROGRAMA

Pódese atopar nos documentos do programa unha preocupación pola reflexión compartida por todos os orientadores acerca dos obxectivos do programa. Unha formulación dos mesmos aparece na revista do programa de xeito claro e concisa, con referencia ás capacidades que se pretende que desenvolvan os nenos, ao ambiente familiar, á igualdade de oportunidades:

Para un desenvolvemento das capacidades do neno: que os nenos desenvolvan as súas capacidades físicas, de saúde, mediante a alimentación, a hixiene e a protección ante os perigos; que desenvolvan os seus sentidos e a súa capacidade de observación e exploración; que logren a capacidade de atención e concentración; que

⁶ Acción Rexional das Cáritas de Galicia, *Educación preescolar no medio rural*, 25.

⁷ Lois Ferradás, Francisco Xavier Puente, y María Ermitas Fernández, «Educación familiar preescolar en pequenos núcleos rurais. Obxectivos y logros de “Preescolar na Casa” en Galicia», en *Psicología y Educación, Realizaciónes y tendencias actuais en la investigación y en la práctica*, comp. Amelia Álvarez (Madrid: Aprendizaje-Visor/MEC, 1987), 118.

⁸ Preescolar na Casa, *Isto é Preescolar na Casa* (Vigo: Edicións Xerais, 1997), 6.

desenvolvan a súa memoria e a súa intelixencia; que sexan capaces de resolver os problemas cos que se atopen; que sexan creativos; que teñan unha boa imaxe de si mesmos; que sexan emocionalmente equilibrados; que saiban relacionarse e convivir cos demais; que teñan un sentimento de seguridade.

Para un bo ambiente familiar do neno no que se sinta querido [...].

Para unha aprendizaxe por parte do neno, sistematizada e programada; que vaia respondendo ás distintas etapas da súa evolución, tendo en conta as súas características [...].

En síntese, trátase de contribuír ao desenvolvemento duns nenos sans física e psiquicamente, equilibrados emotiva e afectivamente e competentes intelectual e creativamente, de forma que participen en igualdade de oportunidades, sen inferioridade nin desvantaxe cos demais nenos en todo o proceso educativo; e para que cheguen a ser uns adultos que comprendan a realidade que lles toque vivir e saiban participar nela.⁹

Xunto aos obxectivos atopamos indicacións que identificamos como liñas de traballo ou principios de intervención educativa que, seguindo a Ferradás¹⁰ e Ferradás, Puente e Fernández,¹¹ resumimos así:

a) Empezar cedo, cando as posibilidades de desenvolvemento son maiores e os déficits aínda non apareceron.

b) Partir do saber educativo familiar; descubrindo e creando situacións educativas na vida diaria.

c) Levar a cabo unha acción programada con obxectivos claros e duradeira que abarca dos 0 aos 6 anos.

d) Concibir ao neno como un todo, non como parcelas desvinculadas do funcionamento global.

⁹ Preescolar na Casa, «Preescolar na Casa: qué é, qué queremos, para qué, por qué», *Revista Preescolar na Casa*, 81 (1993): 1.

¹⁰ Lois Ferradás, «Avaliación da calidade do programa Preescolar na Casa» (Tesis doctoral, Universidade de Santiago de Compostela, 1998).

¹¹ Ferradás, Puente, y Fernández, «Educación familiar preescolar en pequenos núcleos rurales», 115-121.

e) Non illar ao neno do seu propio ambiente, senón activar os medios materiais e persoais dispoñibles para unha estimulación global e equilibrada.

Ofrecemos na táboa 1 o decálogo do orientador redactado por Antonio Gandoy que ilustra ben a mentalidade dos que promoven o programa.

Táboa 1. Decálogo do orientador de Preescolar na Casa

Decálogo do orientador de Preescolar na Casa

- 1.º *Amarás ao neniño rural galego por riba de todas as cousas.*
- 2.º *Non tomarás o seu nome en vano ni perderás o tempo falando de bonitos proxectos sen levar ningún a cabo.*
- 3.º *Farás festa cando desapareza a súa marxinação educativa.*
- 4.º *Dirás ao seu pai e á súa nai que os nenos non agardan e que eles poden ensinarlles.*
- 5.º *Non matarás nin as súas grandes ganas de saber nin as súas moitas posibilidades de aprender.*
- 6.º *Non cometerás o grave adulterio de privalo da súa lingua, impoñéndolle unha allea.*
- 7.º *Non lle roubarás nin deixarás que le rouben a súa personalidade rural e galega.*
- 8.º *Non dirás falso testemuño ni mentirás dicindo que os pais non saben nin teñen tempo para ensinar aos seus fillos.*
- 9.º *No consentirás pensamentos nin desexos impuros de non ter en conta a capacidade educativa do medio rural.*
- 10.º *Codiciarás con todo o teu corazón e non acougarás ata que os bens do saber e da cultura que teñen os alleos tamén os teñan os nenos do campo galego.*

Fonte: Tomado de Lois Ferradás, «Preescolar na Casa: un programa de educación preescolar no campo galego», en *O contexto socio-pedagóxico da acción instructiva en Galicia*, comp. Carlos Rosales (Universidade de Santiago de Compostela, 1984), 117.

AS ACTIVIDADES DO PROGRAMA PREESCOLAR NA CASA

Preescolar na Casa, nos seus comezos, definiuse a si mesmo como:

Unha acción ou programa educativo que ten como obxectivo a educación preescolar dos nenos e nenas rurais galegos que non teñen acceso a unha escola infantil. Esta educación ten lugar no fogar e nela interveñen, ademais dos nenos, o ambiente e mais os pais, que son asesorados por un profesor en reunións periódicas, ás que asisten tamén os mesmos nenos.¹²

¹² Lois Ferradás, «Preescolar na Casa: un programa de educación preescolar no campo galego», en *O contexto socio-pedagóxico da acción instructiva en Galicia*, comp. Carlos Rosales (Universidade de Santiago de Compostela, 1984), 120-121.

As actividades do programa van ir variando de contido ao longo das case catro décadas de existencia, como explicaremos con máis detalle no apartado seguinte, pero algúns elementos mantivéronse ao longo do tempo. Destacaremos, en primeiro lugar as reunións, que son o elemento nuclear deste programa de apoio ás familias e que nos permiten cualificalo como de encontro e de proximidade.

a) As reunións. As reunións representaron sempre o elemento central de Preescolar na Casa. Normalmente teñen lugar cada dúas semanas, durante todo o curso escolar, nun local comunitario ou nunha casa particular e a ela asisten os nenos e nenas dunha localidade ou de localidades próximas, cun adulto, habitualmente a nai, e son animadas por un mestre ou mestra, que o programa denomina «orientador» ou «orientadora». A duración destas reunións, aínda que pode variar, adoita roldar as dúas horas.

Cada reunión é única, pois os grupos poden variar en número de participantes, idade, experiencias previas, etc. Con todo, estas reunións acostuman ter unha estrutura similar que resumimos a continuación:

1. Saúdos e acollida, que é importante para a creación do clima apropiado para a participación.

2. Revisión e comentarios do acontecido desde a reunión anterior, tanto do que se refire á vida cotiá como das actividades propostas.

3. Realización en grupo de nenos/as, a proposta do orientador ou das nais, dunha ou varias actividades que poden continuarse ou imitarse máis tarde no fogar.

4. Diálogo coas nais/pais sobre a educación dos seus fillos; é un tempo específico de reflexión e debate a partir de problemas observados durante a quincena anterior ou a partir doutras propostas de pais ou do orientador.

5. Xogo dos nenos na alfombra. Durante o diálogo dos adultos os nenos xogan con materiais diversos. Ás veces estes xogos son obxecto de observación atenta por parte dos adultos educadores.

6. Planificación do traballo para a seguinte quincena, con apoio en material impreso específico.

7. Despedida.

Táboa 2. Esquema básico dunha reunión de orientación de pais no programa Preescolar na Casa

Parte da reunión	Saúdos e acollida	Revisión do traballo da quincena anterior	Actividades varias	Reflexión cos adultos / Xogos dos nenos na alfombra	Programación da quincena seguinte	Despedida
Actividades máis frecuentes	Saúdos. Diálogo inicial, comentarios espontáneos e anécdotas.	Comentarios do ocorrido na vida cotiá, analizando as repercusións na educación. Comentario das propostas de actividades. Presentación de todo tipo de materiais feitos na casa.	Cantar. Contar contos. Xogos colectivos. Actividades diversas: pintar, amasar, ...	Tema de pais usando diferentes técnicas mentres os nenos xogan na alfombra con diferentes materiais.	Proposta de actividades a realizar. Previsión de materiais para a seguinte reunión. Préstamo de libros a pais e nenos.	Recollida. Avisos. Cuestións varias. Cantos. Despedida.

Fonte: M.^a Sara Paz Combarro y Celia M.^a Armesto Rodríguez, *Preescolar na casa, Educación infantil familiar: Unha utopía realizable* (Lugo: Cáritas, 1999), 80.

b) Elaboración de materiais didácticos impresos de apoio aos pais. Desde os seus comezos o programa prestou moita atención á elaboración de materiais impresos para pais e nenos. Co uso destes materiais búscase manter presentes e completar as orientacións aos pais durante o tempo, dúas semanas polo xeral, que vai dunha a outra reunión. Entre este material podemos sinalar varios tipos. En primeiro lugar atopamos unha especie de caderniños de tres niveles que serviron de guía para as orientacións ás familias de nenos e nenas de 3, 4 e 5 anos. Este material foise revisando, adaptándoo ás idades dos usuarios e incorporando novos enfoques. Lois Ferradás na súa tese de doutoramento,¹³ identificou tres fases ou versións destes materiais e indica os períodos de uso de cada unha. Na versión máis completa e de uso máis prolongado atopamos 18 «unidades», caderniños ou «quincenas» por nivel, podendo distinguirse en cada unha delas dous partes ben diferenciadas; en primeiro lugar está unha «guía para pais» con propostas de actividades para realizar cos nenos que versan sobre educación do movemento e do ritmo, observación, experimentación, espazo e número (coñecemento lóxico matemático), linguaxe, plástica, etc. Esta guía contén igualmente un conto para contar aos nenos. En segundo lugar, cada unidade inclúe tamén un número de

¹³ Ferradás, «Avaliación da calidade do programa Preescolar na Casa».

follas ou «fichas» de papel que haberían de usar directamente os nenos, con propostas de plástica, lóxica, grafomotricidade, etc.

Estes materiais tomados no seu conxunto reflicten, quizais como ningún outro, os contidos centrais do traballo do programa así como os cambios de enfoque que se foron realizando no mesmo ao longo do tempo, respondendo ás necesidades que ían aparecendo e manifestando as aprendizaxes e adquisicións dos profesionais responsables do mesmo. Así, nos primeiros materiais, deseñados para o ensino directo de nenos de cinco e catro anos, predomina a imitación ou réplica dos que por aquel entón se utilizaban nas aulas de educación preescolar. Na versión seguinte, aínda predominando o enfoque de materiais para o ensino directo, incorpóranse moitos elementos do propio contexto e algo da educación sensorial de tradición montessoriana. Desde a terceira fase deste material aparecen elementos propios da metodoloxía de proxectos, prescindéndose do traballo preferente sobre follas de papel e vaise asumindo un enfoque máis construtivista.

A este material didáctico impreso, que constitúe a base para as reunións e o traballo na casa das familias de nenos de tres, catro e cinco anos, a partir do curso 1985-86 engádese un material propio para as familias de nenos menores de tres anos; así, baixo a denominación de «Aprendendo xuntos» no curso 1988-89 ve a luz un novo material destinado ás familias dos máis pequenos que ofrece temas —sempre presentados en lingua galega— como: aténdeme a tempo, síntome querido, o xogo axúdame a medrar, necesito alimentarme ben, a saúde do neno, desenvolvemento psicomotor, control de esfínteres, os celos ente irmáns, comunícome e medro, ¿problemas de conduta?

A maiores, ao longo da existencia do programa edítanse e entréganse gratuitamente aos usuarios folletos de diversos temas relacionados coa educación nos primeiros anos e outros materiais de orientacións ou propostas de actividades sobre eventos ou outros elementos da contorna próxima como, por exemplo, os outros e nós mesmos, o castiñeiro, o Nadal, os animais, a auga, a primavera, os alimentos. En todos eles xa se prescinde das follas de papel ou «fichas» e, ao modo dos centros de interese, hai unha presentación motivadora do tema, actividades sensoriais de exploración, procura de asociacións, actividades específicas de expresión, etc.

Táboa 3. Relación de opúsculos o folletos para pais e nais publicados por Preescolar na Casa

Título e ano de publicación	Destinatarios
<i>O debuxo do neno</i> (1982, 1985, 1996)	Pais e nais de nenos de 0-6 anos
<i>O xogo e os xoguetes</i> (1982, 1985, 1996)	Pais e nais de nenos de 0-6 anos
<i>A cantar</i> (1982, 1985)	Pais e nais de nenos de 0-6 anos
<i>O neno e o seu desenrolo</i> (1984)	Pais e nais de nenos de 0-6 anos
<i>Educación preescolar: o neno na casa, o neno na escola</i> (1984)	Pais e nais de nenos de 3-6 anos
<i>O neno do nacemento aos tres anos</i> (1985)	Pais e nais de nenos de 0-3 anos
<i>Accidentes infantís</i> (1995)	Pais e nais de nenos de 0-6 anos
<i>Atención temperá (0-3 meses)</i> (1995)	Pais e nais de nenos de menos de 1 ano
<i>Atención temperá (3-6 meses)</i> (1995)	Pais e nais de nenos de menos de 1 ano
<i>Atención temperá (6-9 meses)</i> (1995)	Pais e nais de nenos de menos de 1 ano
<i>Os primeiros anos</i> (1996)	Pais e nais de nenos de 0-6 anos
<i>O rural en seis ditos labregos</i> (1996)	Poboación en xeral
<i>Ler. O camiño da afectividade</i> (1996)	Pais e nais de nenos de 0-6 anos
<i>Isto é Preescolar na Casa</i> (1997)	Poboación en xeral
<i>Cóntame un conto</i> (2001)	Pais e nais de nenos de 0-6 anos
<i>O neno e a nena de 3 anos</i> (2001)	Pais e nais de nenos de 3 anos
<i>Xogos de sempre para nenos de agora</i> (2002)	Pais e nais de nenos de 0-6 anos
<i>Avanzando xuntos. Actividades para unha estimulación axeitada</i> (2002)	Pais e nais de nenos de 0-3 anos

Fonte: Elaboración propia a partir das publicacións do programa.

Ademais dos materiais aos que acabamos de referirnos, que son elaborados no interior do programa, os orientadores ofrecen en préstamo para o fogar libros de lecturas para pais, libros ou álbums de imaxes para nenos e xoguetes variados apropiados ás idades dos nenos que participan no programa.

c) Uso dos medios de comunicación. Un dos trazos de identidade deste programa é o uso intenso, permanente e, en certo xeito, novidoso dos medios de comunicación, intentando chegar a todos os fogares das persoas participantes ou non nas actividades regulares, como son as reunións, co empeño de difundir e fortalecer unha moderna cultura da infancia. Neste uso ocupan un lugar destacado a edición dunha revista

para as familias e os diversos programas de radio e televisión, elaborados por persoal de Preescolar na Casa, que son emitidos durante longos períodos por diversas compañías de radio e a Televisión pública de Galicia.

A publicación da revista, da que desde 1977 a 2011 editáronse 160 números, comeza de forma moi modesta xa nos primeiros anos do programa e nos seus mellores momentos chegou a ofrecer 16 páxinas cunha tirada de 3.500 exemplares. Os seus destinatarios son as familias dos nenos e nenas menores de 6 anos e diríxese a complementar ou reforzar os mesmos contidos do programa; así, recolle temas relacionados co coñecemento dos nenos e o seu desenvolvemento, as moitas facetas da súa educación integral; aparecen tamén numerosas propostas para o aproveitamento educativo dos recursos que ofrece a contorna, xunto con temas específicos de saúde, hixiene e alimentación; abunda nela a proposta de contos, xogos e xoguetes; ademais ofrece noticias sobre as actividades do programa xunto con referencias a temas ou noticias de actualidade relacionados cos nenos pequenos e a súa educación no ámbito familiar e comunitario. Foi frecuente escoitar ás nais que participaban nas reunións que manifestaban que todos os adultos da familia lían a revista na súa totalidade, e era reclamada cando se producía algún atraso na súa distribución.

Desde xaneiro de 1982 emítese un programa de radio semanal de media hora de duración na radio pública, Radio Nacional de España en Galicia, que intenta servir de apoio ao traballo dos orientadores e contribuír a crear ou reforzar unha actitude educativa de diálogo e xogo entre adultos e nenos, ademais de ser unha canle de información sobre cuestións referidas á educación dos nenos destas idades. Ofrecía cancións, contos, adiviñas, comentarios e entrevistas sobre diversos aspectos da educación infantil. En cursos sucesivos, programas de radio semellantes emitíronse en diversas radios municipais e comerciais, en concreto, desde o curso 1986-87 emitíuse un destinado especificamente ás familias de nenos e nenas menores de tres anos. Ao ser programas de emisión aberta ao público en xeral, é de supoñer que contribúan a crear unha certa corrente de interese pola educación infantil nos primeiros anos de vida.

Desde outubro de 1990 Preescolar na Casa conxuntamente con Televisión de Galicia, que aportou a parte técnica, realizou un programa de televisión de emisión semanal aberta que trata de apoiar a tarefa educa-

tiva das familias con orientacións e propostas de actividades. O último destes programas, emitido no ano 2012, foi o número 720. Estas foron algunhas das seccións ofrecidas neste programa de televisión: a) *Asómate ao mundo*, unha proposta de aproveitamento educativo da contorna; b) *Entrevista*, dez minutos de conversa sobre un tema de educación infantil proposto polos pais ou os orientadores; c) *O xogo é a vida*, xoguetes feitos na casa e xogo, o traballo do neno; d) *Estimulación apropiada*, aquí e agora, porque os nenos non agardan, aprenden sempre; e) *Fotofixa*; f) *Respostas* dos especialistas; g) *Os consellos do cuco*.

Sería moi interesante que algún traballo académico futuro abordase o estudo en profundidade dos contidos dos artigos da revista e dos programas de radio e televisión tratando de identificar as tendencias educativas presentes neles e de desvelar as súas relacións, por exemplo, coa renovación pedagóxica e coa emerxente nova cultura da infancia.

DESENVOLVEMENTO NO TEMPO. DE PREPARACIÓN PARA A ESCOLA A EDUCACIÓN FAMILIAR

O programa Preescolar na Casa desenvolve as súas actividades desde 1977 a 2012, é dicir durante uns 35 anos. Como é de supoñer, durante todo este tempo mantén o seu propio selo e estilo pero tamén experimenta importantes cambios que teñen que ver coa súa extensión territorial, co número e idade dos participantes, co uso de determinados medios, etc. No libro *Preescolar na casa, Educación infantil familiar: Unha utopía realizable*,¹⁴ dedícase un capítulo a unha resumida historia do programa ata o curso 1998-99 e Ferradás fai na revista *Encrucillada*¹⁵ un balance dos 20 primeiros anos en 1996, pero é imprescindible acudir a outros documentos do programa, como as memorias anuais, para acceder aos datos, especialmente dos seus últimos anos. Ademais de ofrecer os datos que reflicten as dimensións do programa non publicadas ata o presente, esbozamos unha presentación da historia do programa tratando de identificar as características máis destacadas de cada unha das súas etapas. Para iso teremos en conta: a) área de influencia predominante, b) idade

¹⁴ M.^a Sara Paz y Celia M.^a Armesto, *Preescolar na Casa, Educación infantil familiar: unha utopía realizable* (Lugo: Cáritas, 1999).

¹⁵ Lois Ferradás, «Preescolar na Casa: educación familiar no ámbito rural. Balance de 20 anos», *Encrucillada*, 100 (1996): 262-266.

dos nenos e nenas das familias que participan nas actividades, c) enfoque preferente, d) medios empregados, e) patrocinadores e d) outras accións complementarias promovidas desde o programa.

Táboa 4. Fases do desenvolvemento de Preescolar na Casa

Inicio e despregamento (1977/78 – 1978/79)	Consolidación e expansión (1979/80 – 1989/90)	Desenvolvemento pleno e diversificación (1990/91 – 2000/01)	Institucionalización (2001/02 – 2006/07)	Crise (2007/08 – 2011/12)
Área: Lugo	Área: Lugo e Galicia interior	Área: Galicia	Área: Galicia	Área: Galicia
Destinatarios: Familias con nenos/as 3-6 anos	Destinatarios: Familias con nenos/as 3-6 anos. Inicio de 0-3 anos	Destinatarios: Familias con nenos/as 3-6 e 0-3 anos	Destinatarios: Familias con nenos/as 0-3 anos	Destinatarios: Familias con nenos/as 0-3 anos
Enfoque: Preparación para a escola	Enfoque: Preparación para a escola	Enfoque: Educación familiar	Enfoque: Educación familiar	Enfoque: Educación familiar
Medios: Reunión quincenal Impresos Revista	Medios: Reunión quincenal Impresos Revista Radio	Medios: Reunión quincenal Impresos Revista Radio Televisión	Medios: Reunión quincenal Impresos Revista Radios locais Televisión	Medios: Reunión quincenal Impresos Revista Radios locais Televisión
Patrocinios: Cáritas diocesana de Lugo Cáritas Española Ministerio de Educación Compañía de María	Patrocinios: Cáritas diocesana de Lugo Cáritas Española Xunta de Galicia (Consellería de Educación) Ministerio AA. Sociais	Patrocinios: Cáritas diocesana de Lugo Cáritas Española Xunta de Galicia (Consellería de Educación, Consellería de Familia) Ministerio AA. Sociais Fundación Bernard van Leer Concellos	Patrocinios: Cáritas diocesana de Lugo Cáritas Española Xunta de Galicia (Consellería de Educación, Consellería de Familia) Ministerio AA. Sociais Fundación Bernard van Leer Concellos	Patrocinios: Cáritas diocesana de Lugo Cáritas Española Xunta de Galicia (Vicepresidencia de Igualdade e Benestar) Ministerio AA. Sociais Concellos
	Accións complementarias: Apoio á formación de apicultores en Cervantes	Accións complementarias: Salas de encontro, Ludobibliotecas	Accións complementarias: Salas de encontro, Ludobibliotecas, Atención a nais embarazadas	Accións complementarias: Espazos das familias en Galescolas, Cárcere de Teixeira e no Proxecto Home

Inicio e despregamento (1977/78 – 1978/79)	Consolidación e expansión (1979/80 – 1989/90)	Desenvolvemento pleno e diversificación (1990/91 – 2000/01)	Institucionalización (2001/02 – 2006/07)	Crise (2007/08 – 2011/12)
		Tese de doutoramento: Avaliación da calidade do Programa Preescolar na Casa		

Fonte: Elaboración propia a partir das publicacións do programa.

Inicio e despregamento

Podemos dicir que oficialmente o programa Preescolar na Casa comeza en setembro de 1977, pero non empeza da nada, senón que se apoia en experiencias realizadas con anterioridade, como explican Fernández e Rei¹⁶ e o mesmo Antonio Gandoy.¹⁷ Efectivamente, nos meses anteriores realízanse a modo de ensaio reunións de pais de nenos preescolares en diversas localidades rurais da provincia de Lugo. Nelas comprobouse que se aceptaba, que había interese, que se traballaba, que funcionaba. Foi suficiente. Nesta descrición resumida do desenvolvemento do programa, asignamos a esta primeira fase só dous cursos, é dicir 1977-78 e 1978-79 e sinalamos como características máis destacadas as seguintes: a) a idade dos nenos e nenas que participan é a inmediata anterior á entrada na escola primaria obrigatoria, é dicir de catro e cinco anos; b) as localidades de residencia dos usuarios son, sobre todo, pequenos pobos rurais do interior da provincia de Lugo; c) o enfoque que predomina nos materiais é de ensino directo e preparación para a escola, en particular, atención e percepción de figuras que inicien na lectoescritura e a numeración; d) a reunión quincenal é xa o procedemento básico; e) o material de instrución comeza a ser completado coa publicación dunha modestísima revista multicopiada

¹⁶ Ermitas Fernández y M.^a Luisa Rey, «Preescolar na Casa. La educación infantil-familiar (Galicia)», *Revista de Educación*, 322 (2000): 143-158.

¹⁷ Unha das explicacións máis amplas das publicadas ata o presente é a que ofrece Antonio Gandoy na entrevista que aparece no libro de Lois Ferradás, *Medrando na Comunidade. A contribución de Preescolar na Casa á Educación Infantil en Galicia* (Lugo: Fundación Preescolar na Casa, 2014), 23-55.

que se entrega ás familias; f) os patrocinadores máis importantes son o Ministerio de Educación que paga a tres mestres, Cáritas Española que axuda a pagar materiais e desprazamentos, Cáritas diocesana de Lugo que aporta locais e persoal, e a orde relixiosa Compañía de María que axuda con prestacións persoais e económicas.

Consolidación e expansión

No curso 1979-80 prodúcese un gran avance na dispoñibilidade de medios persoais do programa, pois as mestras e mestres asignados pola administración educativa agora xa é a Xunta de Galicia— pasan de 3 a 11; seguirán aumentando ata chegar no curso 1987-88 a 22. Este feito, xunto coa chegada de novos patrocinios posibilitará a consolidación do deseño e a expansión xeográfica das actividades do programa. Como características desta fase poderíamos destacar as seguintes: a) a idade dos nenos que participan nas reunións é predominantemente de 3 a 5 anos, aínda que desde o curso 1983-84 iníciase unha atención diferenciada aos menores de 3 anos que, nestes anos aínda non alcanzan ao 25% dos usuarios; b) a área xeográfica segue sendo basicamente a provincia de Lugo, agora organizada en oito grandes zonas, cada unha asignada a un mestre, chamado «orientador»; igualmente, iníciase a acción en zonas do interior das provincias da Coruña, Pontevedra e Ourense; c) durante esta fase elabórase e consolídase o deseño da metodoloxía do programa, que se plasma en sucesivas edicións dos materiais didácticos. O enfoque baséase cada vez máis en actividades de exploración da contorna, na expresión a través de diferentes linguaxes e nas accións dos mesmos nenos; d) en canto aos medios cómpre resaltar que a revista medra ata alcanzar no curso 1982-83 as 12 páxinas; no curso 1981-82 iníciase a emisión dun programa de radio semanal na radio pública, na que desempeña un papel moi destacado como guionista do mesmo o mestre e escritor Xavier Ponte Docampo; no curso 1986-87 iníciase outro programa de radio con contidos referidos á educación e coidados dos nenos de menos de 3 anos; e) aos patrocinadores sinalados na fase anterior debemos engadir o Ministerio de Asuntos Sociais, pois con fondos procedentes da súa axuda pódense pagar gastos de desprazamentos e contratos de novos orientadores; nos últimos anos desta fase o persoal a tempo completo xa rolda a trintena.

Desenvolvemento pleno e diversificación

Durante estes anos que coinciden co período central da historia de Preescolar na Casa, á vez que se manteñen os trazos propios prodúcense algúns cambios moi importantes cuxos logros constitúen o pleno desenvolvemento do programa. Sinalamos as características máis importantes desta fase: a) os nenos menores de 3 anos que participan no programa pasan de ser menos da metade a representar máis do 75% do total; este cambio é definitivo e en etapas posteriores só se intensificará; b) a área de presenza do programa esténdese ás catro provincias da comunidade autónoma de Galicia; os destinatarios preferentes son os residentes nos pequenos pobos rurais, pero iníciase a atención a familias que viven en vilas ou periferias das cidades; c) o enfoque das actividades educativas faise máis integral, menos escolar, atendendo os aspectos de coidados, de afectos, de relacións, etc.; d) no curso 1990-91 empézase a emitir un programa de televisión educativo semanal, de media hora de duración en emisión aberta, que mereceu o recoñecemento dos expertos e recibiu numerosos premios; a revista pasa a ter 16 páxinas no curso 1997-98; e) aos patrocinadores sinalados debemos engadir algúns concellos e a Fundación Bernard van Ler, de Holanda, que financia aspectos concretos da actividade do programa; f) póñense en marcha algunhas accións complementarias de ámbito local, que se dirixen tamén a familias que non viñan participando nas reunións do programa, referímonos a «Salas de encontro» (grupos de xogo), «Ludobibliotecas» ambulantes para o préstamo de libros e xoguetes, Xornadas de formación abertas, Plan Leader de desenvolvemento da comarca da Terra Chá; g) en 1998 preséntase na Universidade de Santiago de Compostela a tese de doutoramento «Avaliación da calidade do programa Preescolar na Casa».

Institucionalización

No curso 2001-02 ten lugar a constitución da Fundación Preescolar na Casa, que será en diante a titular e encargada da xestión das accións do programa en substitución de Cáritas diocesana de Lugo. Seguen viventes todas as características da fase anterior, cunha intensificación da presenza tamén en áreas urbanas. O número de persoas que participan nas accións do programa crece ata exceder as 5.000 nos cursos 2004-05 e 2005-06. O número de traballadores tamén alcanza as maiores cotas,

excedendo os 60 orientadores de atención directa ás familias, xunto cos 20 de administración, servizos centrais e de apoio.

Crise

Durante os últimos anos non varía o enfoque nin os destinatarios do programa. A maiores, iníciáanse accións ou subprogramas moi interesantes, tales como a animación de «Espazos das familias» nas escolas infantís, as Galescolas xestionadas polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, ou no cárcere de Teixeiro ou no Proxecto Home. Pero a retirada dos principais patrocinadores, primeiro, a falta de apoio por parte da Consellería de Educación da Xunta de Galicia e despois o corte do financiamento por parte da Consellería de Trballo e Benestar fan inviable a continuidade das actividades do programa.

RESULTADOS

Non é fácil resumir os resultados dun programa que dura tantos anos, e menos tratándose dunha acción educativa cuxos resultados máis valiosos maniféstanse a medio ou longo prazo. Intentaremos, con todo, sinalar os que ao noso xuízo son os logros máis destacables. Logo de presentar algúns datos cuantitativos, recolleremos algúns testemuños valorativos dalgúns nais e profesionais relacionados co programa.

Táboa 5. Nenos e nenas que participan en Preescolar na Casa por curso académico

Curso	77-78	78-79	79-80	80-81	81-82	82-83	83-84	84-85	85-86	86-87	87-88	88-89	89-90	90-91	91-92	92-93	93-94	94-95
0, 1, 2 anos	—	—	—	—	—	—	134	174	211	252	297	463	78	968	1541	1416	1892	2059
3, 4, 5 anos	474	522	1188	1217	1261	1502	1433	1419	1742	1655	1712	1538	2077	1696	1289	1212	1241	1221
Total nenos/as	474	522	1188	1217	1261	1502	1567	1593	1953	1907	2009	2003	2155	2664	2779	2628	3117	3280

Curso	95-96	96-97	97-98	98-99	99-00	00-01	01-02	02-03	03-04	04-05	05-06	06-07	07-08	08-09	09-10	10-11	11-12
0, 1, 2 anos	2098	2187	2448	2486	2566	2474	2550	4056	4405	4755	4669	4167	4343	4182	3573	3671	2694
3, 4, 5 anos	1105	972	826	715	617	539	493	459	460	461	432	255	275	215	328	361	472
Total nenos/as	3203	3159	3274	3201	3183	3013	3043	4525	4662	5216	5101	4422	4618	4397	3901	4032	3166

Fonte. Elaboración propia a partir dos documentos de Preescolar na Casa.

Unha rápida lectura das cifras recolleitas na táboa 5 axúdanos a coñecer o alcance en número de nenos e as súas familias que ano tras ano participan nas actividades do programa. Cóntanse por miles os nenos que cada dúas semanas xunto cun familiar se reúnen con outros nenos para ter experiencias de encontro, de xogo e expresión. Para as nais é a oportunidade de gozar dunha experiencia compartida de responsabilidade, reflexión, diálogo, capacitación e, ata, de festa. Unha boa medida da satisfacción con esta actividade é a súa asidua asistencia; en efecto, quen comeza a participar da actividade en moi contadas ocasións a abandona.

No ano 1996 realizouse o seguimento dun número importante de nenos e nenas que participaron no programa Preescolar na Casa. En concreto da súa adaptación á escola infantil no ano da súa incorporación á escola, comparándoos tanto con criaturas que asistiran á escola durante o curso anterior como con outros nenos e nenas que non participaron en ningún tipo de programa nin escolar nin familiar. Como refiren Taboada e Ferradás,¹⁸ para este estudo utilizouse a versión preescolar da Escala de Comportamento de Schaefer e Edgerton, que se basea na concepción de que a adaptación escolar é o resultado de variables que teñen que ver coa capacidade académica e o axuste social, situando no polo positivo os comportamentos relacionados coa intelixencia verbal, o respecto, a laboriosidade, a extroversión, a creatividade /curiosidade e a independencia; mentres que no polo negativo sitúa a introversión, a dependencia, a apatía, a hostilidade e a distractibilidade. Pois ben, en todas as variables que se puntúan con esta escala, por medio da cal estes nenos foron observados e valorados polas súas mestras, os nenos que participaron en Preescolar na Casa obtiveron puntuacións significativamente mellores que os que non participaron en ningún programa. Os nenos e nenas que durante o curso anterior estiveran escolarizados obteñen, en xeral, as mellores puntuacións, pero as diferenzas respecto dos de Preescolar na Casa foron significativas só en intelixencia verbal, extroversión, creatividade, independencia, introversión e dependencia.

En relación, igualmente, ás capacidades de nenos e nenas, recollemos o testemuño dun mestre que recibía na súa escola a nenos e nenas pro-

¹⁸ Lourdes Taboada e Lois Ferradás, «De la casa a la escuela: la incorporación a la escuela infantil de los niños y niñas participantes en el programa de educación familiar Preescolar na Casa», *Aula de innovación educativa*, 77 (1998): 53-54.

cedentes deste programa: «Non sabían máis —di José Luís Rivas—, non lían nin escribían, pero pais e alumnos viñan con outro talante, outra disposición. Eran outros, máis espertos, máis dispostos, máis abertos».¹⁹

A maiores destes aspectos moi concretos e obxetivables, convén non esquecer o que supón a realización deste programa para as criaturas, para as familias e para as comunidades. Para os nenos e nenas representa a oportunidade de recibir os estímulos necesarios para o seu desenvolvemento sen perder a riqueza que supón o contacto coa súa familia e coa súa contorna física e social máis próxima. Para as familias, non só para as nais, supón descubrir a importancia da educación xa nos primeiros anos, valorar a propia capacidade para coidar e educar a estes nenos, aprender unha gran cantidade de formas concretas de axudar aos nenos nos xogos, nas súas relacións sociais e no descubrimento de canto os rodea. Todo isto ofrece unha ocasión de compartir con outras persoas o interese pola educación dos nenos e, na medida en que todo isto teña éxito, unha inxección de satisfacción e autoestima. Transcribimos as palabras de Fina Miragaya, unha nai que participou cos seus fillos no programa:

Nós, Manolo e mais eu, sempre estivemos preocupados pola educación dos nosos fillos e intentamos orientarnos e informarnos de como podíamos axudalos. As reunións de Preescolar na Casa son un lugar para coñecernos, para falar, para aumentar a nosa amizade e a nosa relación. Alí falabamos de temas relacionados coa educación dos nenos, pero tamén sobre temas que nos preocupaban. Xogamos cos nenos e facemos actividades en común. Ao final do curso facemos unha excursión na que coñecemos a familias de distintas parroquias e, ás veces, doutros concellos. Para que nos serviu? Para valorar máis a educación e dedicarnos máis e mellor aos nosos fillos, para axudarlles sempre no posible; a darlles importancia aos primeiros anos [...]. Manolo pertence á Asociación de Pais do colexio porque queremos participar en todo o que estea relacionado coa educación dos nosos fillos.²⁰

¹⁹ Lois Ferradás, *Medrando na comunidade. A contribución de Preescolar na Casa á Educación Infantil en Galicia* (Lugo: Fundación Preescolar na Casa, 2004), 183.

²⁰ Ferradás, *Medrando na comunidade*, 91-92.

Para as pequenas comunidades programas como este significan moito. En primeiro lugar supón asegurar desde abaixo que os seus cidadáns serán persoas cultas e desenvolvidas. Ademais, manter servizos, por modestos que estes sexan, contribúe a manter as aldeas abertas, vivas e ata con actividade económica.

Tamén para os profesionais a súa participación no programa representou unha importante mellora na súa capacitación profesional. Isto é o que conta a orientadora Marisa Álvarez:

O meu paso por Preescolar na Casa a nivel profesional influíu na formación que acadei sobre o desenvolvemento dos nenos de 0 a 6 anos, sobre as implicacións educativas das súas distintas fases, sobre experiencias educativas noutros lugares, sobre as últimas tendencias en educación. Unha formación de alto nivel que marcou todo o meu traballo docente posterior. [...] Na miña práctica educativa posterior tiven moito máis en conta aos pais, contei coa súa colaboración, establecín unha comunicación fluída coas familias dos meus alumnos.²¹

VALORACIÓN

Este programa ben merece ser obxecto dun estudo en profundidade da súa relación coas correntes pedagóxicas da súa época; os seus inicios coinciden coa chegada da democracia a un país necesitado de modernizarse, asegurar a igualdade de oportunidades educativas e abrirse ao mundo. No título que demos a este artigo suxerimos que o programa nos anos da súa existencia experimenta un cambio de enfoque, realiza unha transición desde a énfase na preparación para a entrada na escola a unha formulación máis integral orientado ao coidado, ao benestar e ao desenvolvemento de competencias. Preescolar na Casa, nos seus comezos, comparte en boa medida as características da primeira xeración de programas de intervención relacionados coa primeira infancia. É, do mesmo xeito que outros programas, fillo do optimismo social e do ambientalismo en Psicoloxía e Pedagogía. Estas serían algunhas das súas características desde o punto de vista psicopedagóxico:

²¹ Ferradás, *Medrando na comunidade*, 194-195.

a) É preventivo, pois trata de evitar as elevadas taxas de atraso escolar de orixe cultural que impedían a gran número de cidadáns desenvolverse persoalmente e prestar un servizo útil á sociedade.

b) Predomina nel a tendencia intelectualista, pois poñía a súa énfase na estimulación cognitiva.

c) Defendía a precocidade das intervencións. De acordo coas nocións de período crítico e de non reversibilidade das experiencias temperás, cría que unha intervención precoz de boa calidade poñía aos nenos a salvo dos efectos prexudiciais asociados ao crecemento en contextos inadecuados.

d) Estaba dominado por un optimismo desde o que se consideraba fácil lograr que unha intervención curta e puntual tivese efectos a longo prazo e sobre diversos campos da persoa.

Pero Preescolar na Casa foi un programa aberto permanentemente á aprendizaxe, á análise esixente, á revisión crítica, á procura honesta e á posta en práctica das que ía considerando mellores prácticas. Desta forma foise construíndo e aplicando no seu contexto unha proposta que poderíamos caracterizar da seguinte forma:

a) Non se limita a un enfoque preventivo do fracaso escolar, senón que se orienta á optimización do desenvolvemento global dos nenos e nenas, de maneira que a seguridade afectiva, a competencia social e a autonomía aparecen en primeiro plano.

b) Aínda que en certa medida propón pautas educativas propias dos grupos sociais dominantes, sempre se apoiou nos puntos fortes da contorna rural e familiar; trata de non estigmatizar esta contorna polas súas deficiencias senón de apoiarse nas súas competencias para estendelas a novos campos.

c) A defensa da importancia das intervencións temperás, levou a este programa a descubrir que a primeira hora comeza bastante antes do que habitualmente cre. Por iso desenvolveu accións de acompañamento a nais embarazadas e de atención nos tres primeiros anos de vida.

d) Moi pronto este programa foi desprazando como destinatario inmediato ao neno, centrándose cada vez máis nos pais; espérase que por

medio destes se poida conseguir unha influencia máis duradeira. Trátase de crear a través dos pais un ambiente educativo favorable para o bo desenvolvemento do neno pequeno.

CONTINUIDADE EN «ESPAZO DAS FAMILIAS»

O programa que nos ocupa sempre contou con moitos e importantes apoios; para comprobalo é suficiente botar unha ollada á lista de quen o patrocinou ao longo dos anos da súa existencia. Con todo, dalgunha forma Preescolar na Casa sempre estivo na corda frouxa por diversos motivos. Por unha banda defendeu formulacións educativas non convencionais, que cuestionaban prácticas moi consolidadas e por outra banda sempre dependeu economicamente de financiadores externos. A partir do ano 2008 prodúcese unhas circunstancias que propician a crise e cese de actividades do programa. En efecto, desde facía anos a totalidade de nenos e nenas de tres, catro e cinco anos, incluídos os residentes no medio rural, tiñan acceso a aulas de educación infantil públicas ou sostidas con fondos públicos. A maiores, estíbese establecendo unha rede pública de escolas infantís, tamén nos municipios rurais, o que fai máis accesible a asistencia de moitos nenos e nenas menores de tres anos a estas aulas.

A crise económica brinda a escusa perfecta para recortar, ou mellor, suprimir o apoio económico a este programa. A Consellería de Educación da Xunta de Galicia reduce drasticamente o número de mestres destinados a Preescolar na Casa e os fondos para as súas actividades. Ademais, en 2011 a Consellería competente en asuntos sociais retira completamente o financiamento, deixando de pagar ata fondos xa acordados, co que as actividades da Fundación Preescolar na Casa deixarán de ser viables. De nada serviron as distincións e premios recibidos, as manifestacións de familias afectadas e simpatizantes, as declaracións do departamento de Teoría e Historia da Educación da Universidade de Santiago, do Colexio Galego de Educadores e Educadoras Sociais ou do movemento de renovación pedagóxica Nova Escola Galega, os pronunciamentos de revistas como *Aula de Educación Infantil*, *Revista Galega de Educación* ou *Infancia*, ou o apoio dos grupos políticos da oposición no Parlamento de Galicia. En 2012 cesan as actividades da Fundación e o Programa Preescolar na Casa e o seu legado están a piques de desaparecer.

Un pequeno grupo de antigas traballadoras do programa, logo de constituírse na Asociación socio-educativa Antonio Gandoy,²² adquire o nome e o fondo documental de Preescolar na Casa, e inicia de novo unha actividade que, ao noso entender, continúa, con algúns cambios enriquecedores, o deseño do programa, asumindo os seus obxectivos e as súas opcións metodolóxicas,²³ A actividade principal é denominada Espazos das Familias e defínena como un espazo de encontro semanal para nais e pais de criaturas menores de 3 anos para reforzar as competencias parentais e responder ás necesidades dos máis pequenos. Na actualidade está presente con profesionais en trece localidades da provincia de Lugo, seis da provincia da Coruña e unha da provincia de Ourense. Ao analizar as actividades da Asociación socio-educativa Antonio Gandoy queda claro que manteñen a filosofía e o estilo forxado en Preescolar na Casa. En efecto, Espazos das familias é un programa de apoio na proximidade ás familias na aventura de coidar e educar aos seus pequenos. Cunha maior frecuencia dos encontros, que agora se realzan cunha periodicidade semanal e cunha implicación renovada das familias, que actualmente han de pagar unha pequena cota para sufragar os gastos da actividade, a adhesión das familias lonxe de debilitarse vese fortalecida. As actividades desenvolvidas nos últimos cinco anos indican que o legado de Preescolar na Casa, de aposta por unha axuda á educación infantil entendida como desenvolvemento de capacidades realizada no ámbito familiar e comunitario, segue ben vivo. ■

Nota sobre os autores

LOIS FERRADÁS BRANCO. Mestre e pedagogo. Profesor titular de Didáctica e Organización Escolar na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela da que foi decano durante oito anos. Investiga en boas prácticas na educación infantil. Asesora á Rede de escolas infantís 0-3 de Galicia. Iniciou o seu desempeño profesional traballan-

²² Contacto: R/ Garaballa de Arriba, 9. 27003-Lugo. Teléfonos: 982216001 y 629612897. <http://antonioandoyeducación.blogspot.com.es>
Correo electrónico: antonioandoyeducación@gmail.com.

²³ Revista Irimia, «Espazo das Familias, o legado de Antonio Gandoy», *Revista Irimia*, 971 (2017): 8-10.

do durante unha quincena de anos no programa Preescolar na Casa, de orientación ás familias do medio rural de Galicia con nenos pequenos.

JOSÉ PABLO FRANCO LÓPEZ. Diplomado en Educación Física e Educación Infantil. Licenciado en Psicopedagogía e Máster en Procesos de Formación. Prepara a súa tese de doutoramento en Ciencias da Educación na Universidade de Santiago de Compostela. Na actualidade traballa no equipo de atención educativa do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, desempeñando funcións de asesoramento, coordinación, dinamización educativa e formación permanente para as escolas infantís de 0 a 3 anos en Galicia.

Referencias

- ACCIÓN REXIONAL DAS CARITAS DE GALICIA. *Educación preescolar no medio rural*. Lugo: Caritas, 1977.
- BLOOM, Benjamin S. *Stability and Change in Human Characteristics*. New York: John Wiley & Sons, 1964.
- *Human Characteristics and School Learning*. New York: McGraw-Hill, 1976.
- FERNÁNDEZ, M.^a Ermitas y M.^a Luisa REY. «Preescolar na Casa. La educación infantil-familiar (Galicia)». *Revista de Educación* 322 (2000): 143-158.
- FERRADÁS, Lois. «Preescolar na Casa: un programa de educación preescolar no campo galego». In *O contexto socio-pedagógico da acción instructiva en Galicia*, edited by Carlos Rosales, 115-132. Universidade de Santiago de Compostela, 1984.
- «Preescolar na Casa: educación familiar no ámbito rural. Balance de 20 anos». *Encrucillada* 100 (1996): 262-266.
- «Avaliación da calidade do programa Preescolar na Casa». PhD diss., Universidad de Santiago de Compostela, 1998.
- *Medrando na comunidade. A contribución de Preescolar na Casa á Educación Infantil en Galicia*. Lugo: Fundación Preescolar na Casa, 2004.
- FERRADÁS, Lois, FRANCISCO X. PUENTE, y M.^a Ermitas FERNÁNDEZ. «Educación familiar preescolar en pequenos núcleos rurais. Objetivos y logros de “Preescolar na Casa” en Galicia». In *Psicología y Educación, Realizaciones y tendencias actuales en la investigación y en la práctica*, edited by Amelia Álvarez, 115-121. Madrid: Aprendizaje-Visor/MEC, 1987.
- FUNDACIÓN FOESSA. *Estudios sociológicos sobre la situación social de España*. Madrid: Editorial Euramérica, 1975.
- MINISTERIO DE EDUCACIÓN Y CIENCIA. *Planificación de la Educación. Galicia*. Madrid: Servicio de Publicaciones, 1971.

- PAZ, M.^a Sara y Celia M.^a ARMESTO. *Preescolar na Casa, Educación infantil familiar: unha utopía realizable*. Lugo: Caritas, 1999.
- REVISTA IRIMIA. «Espazo das Familias, o legado de Antonio Gandoy» Entrevista. *Revista Irimia*, 971 (2017): 8-10.
- TABOADA, Lourdes y Lois FERRADÁS. «De la casa a la escuela: la incorporación a la escuela infantil de los niños y niñas participantes en el programa de educación familiar Preescolar na Casa». *Aula de innovación educativa* 77 (1998): 53-54.